



OBRADOIROS
DO PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO PARA NENOS E NENAS CON
ALTAS CAPACIDADES DE ASAC
CURSO ACADÉMICO 2012-2013

INFORMACIÓN XERAL:

- O **día 6 de outubro** foi a inauguración do curso. Os nenos e nenas que acudiron ás actividades este día tiveron xa ocasión de coñecer ao seu grupo e elixiron un nome para o seu grupo (a excepción dos grupos de precoces e os grupos A1, A2 e AN), este nome está relacionado co tema de astronomía. O capitán e a capitana de cada grupo, foron os encargados de xuntar aos do seu grupo ao comezo da mañá.
- O mesmo día, tamén houbo unha reunión de novas familias interesadas en facerse socias, estas distribuíranse entre os catro grupos de nova creación e incorpóranse aos obradoiros o sábado 20 de outubro (as familias que non poidan incorporarse no primeiro trimestre, quedarán en lista de espera para o segundo trimestre).
- Procurárase manter a composición dos grupos conformados no curso anterior, sempre que o número de alumnos e alumnas en cada grupo non sexa excesivo; neste caso fragmentárase o grupo intentando, na medida do posible, non romper na súa totalidade os lazos de amizade establecidos en cursos anteriores.
- Se un neno ou nena estaba asistindo ás actividades dun determinado grupo, de considerarse adecuado, avanzará có mesmo grupo, independentemente do grupo que lle tocara por idade.
- **Valorarase a posibilidade de facer permutas entre os grupos A2-AN; Big-Ban-Constelación; Cáncer-Libra**, en caso de querer permutar é necesario falar coas persoas integrantes do equipo técnico de ASAC o próximo día **20 de outubro**.
- As actividades rotarán polos diferentes grupos ao longo do segundo e terceiro trimestre do curso académico 2012-2013.
- Co fin de poder axustar o nivel dos obradoiros ás diferenzas evolutivas e persoais dos seus participantes, **provese fragmentar o grupo dos máis pequenos (2 anos e medio-6 anos de idade) en tres grupos**.
- **Recordamos, aos integrantes do grupo Magrathea (antigo grupo J do curso pasado) e os alumnos novos de bacharelato que envíen propostas de obradoiros, ao seguinte correo electrónico miriam.et@altacapacidades.org**, é moi importante para nós contar coa vosa participación na procura de ofrecervos actividades que resulten do voso interese.
- Hai obradoiros que duran media mañá e outros que duran toda a mañá, a continuación comunicámosvos **aqueles que duran toda a mañá:**

1,2,3..Musical!
Capitán Planeta!
Imaxinándonos Nós

Programando entornos en 3D
Escritura Creativa
Reflexos, Luces e Sombras no Espazo



CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES:

- Inauguración do curso+sesión introductoria: **Sábado 6 de Outubro**
- 1ª Sesión: **Sábado 20 de Outubro**
- 2ª Sesión: **Sábado 27 de Outubro**
- 3ª Sesión: **Sábado 10 de Novembro**
- 4ª Sesión: **Sábado 24 de Novembro**
- 5ª Sesión: **Sábado 15 de Decembro**



OBRADOIROS DIRIXIDOS AO AMBITO DE EDUCACIÓN INFANTIL-1ºer CICLO DE PRIMARIA

Dende estes últimos anos un dos grupos que máis se expandiu foi o de precocidade intelectual (de 2 anos e medio a 6 anos).

Esta situación xerou a creación de novos grupos de precoces, xa que son nenos e nenas que a estas idades teñen un desenvolvemento evolutivo moi diferente. O que tratamos é que tanto os/as nenos/as que levan anos participando nos obradoiros, como os que se incorporan de novo, teñan unha adaptación óptima.

Os obradoiros seguirán reforzando os mesmos procesos e habilidades que en anos anteriores: psicomotricidade, creatividade, razoamento, habilidades sociais, traballo en grupo, manexo das emocións, etc.

O reparto de grupos levarase a cabo seguindo criterios evolutivos e de personalidade establecidos polo equipo técnico. As dúas primeiras sesións deste trimestre (2012/2013), faremos diferentes divisións dos grupos no horario habitual 11.30-13.30.



OBRADOIROS DIRIXIDOS AO ÁMBITO DE EDUCACIÓN PRIMARIA-1er CICLO DA ESO

	10.30 horas – 11.50 horas 12.10 horas – 13.30 horas
(Novo Grupo AN)	EU+TI+EL@ CREANDO SONS
(Antigo Grupo A1)	BRICOLÓXICA, BRICOMATES CÓMIC-EXPRESIÓN A TRAVÉS DO DEBUXO
(Antigo Grupo A2)	A ONDE VIAXAMOS HOXE? EU+TI+EL@
STEVE JOBS (Antigo Grupo B)	UN, DOUS, TRES...MUSICAL!
MERCURY (Antigo Grupo C1)	CAPITÁN PLANETA!
BIG-BANG (Antigo Grupo C2)	CÓMIC A ONDE VIAXAMOS HOXE?
CONSTELACIÓN (Novo Grupo CN)	CREANDO SONS A CHAVE DE CRISTAL
PHOENICIS (Antigo Grupo D)	SCRATCH, CREANDO HISTORIETAS BRICOLOXICA, BRICOMATES
ESCORPIO (Antigo Grupo E)	IMAXINAMOS NÓS
CÁNCER (Novo Grupo FN)	PROGRAMANDO ENTORNOS EN 3D
LIBRA (Antigo Grupo F)	A CHAVE DE CRISTAL SCRATCH, CREANDO HISTORIETAS



OBRADOIROS DIRIXIDOS Ó ÁMBITO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

	10.30 horas – 11.50 horas 12.10 horas- 13.30 horas
SIRIUS (Antigo Grupo G)	ESCRITURA CREATIVA REFLEXOS, LUCES E SOMBRAS NO ESPAZO
ALTAIR (Antigo Grupo H)	FOTOGRAFÍA E IDENTIDADE CINE - O MUNDO DA INTERPRETACIÓN
PISTOL STAR (Antigo Grupo I)	REFLEXOS, LUCES E SOMBRAS NO ESPAZO ESCRITURA CREATIVA
MAGRATHEA (Antigo Grupo J)	CINE - O MUNDO DA INTERPRETACIÓN FOTOGRAFÍA E IDENTIDADE